

BASES DA XI BUSCA DO TESOIRO :
“O CAMIÑO PRIMITIVO”

A XI edición “**Busca do Tesouro: O camiño primitivo**” realizarase conforme ás seguintes bases:

- ❖ A busca do tesouro celébrase en Lugo o día 27 de decembro, e o comezo será ás 16:00 horas dende a carpa situada na Praza Maior.
- ❖ A idade de participación é dende 16 a 35 anos.
- ❖ Os menores de 18 anos deberán presentar un consentimento firmado pola/o nai/pai/titor, xunto cunha fotocopia do DNI.
- ❖ Cada equipo estará formado por 3 integrantes.
- ❖ O xogo contará con 10 probas a realizar.
- ❖ No percorrido haberá 10 monitores caracterizados de pelegrín. Cada un destes monitores entregará aos participantes as probas que teñen que realizar .
- ❖ Unha vez resoltas as probas debe dicir a solución o mesmo monitor.
- ❖ No caso de resolver ben todas as probas o monitor entregará ó participante unha reliquia e poñerá un selo na tarxeta do pelegrín.
- ❖ Poden conseguir de cada monitor un máximo de 3 puntos.
- ❖ En caso de non resolver unha das probas, soamente se selará a compostelana e non se entregará a reliquia, o que supón a perda de 1 punto, no caso de non realizar ningunha proba os participantes perderán 2 puntos.
- ❖ O punto extra será valorado polo monitor dependendo da orixinalidade, rapidez...

AREA DE CULTURA, TURISMO, XUVENTUDE E PROMOCION DA LINGUA

CBV/mjp

Ref: XUVENTUDE

Asunto: busca do tesouro 2017

- ❖ Cada grupo levará unhas moedas que poden ser usadas para facer trocos coa xente da rúa, se conseguen facer 5 trocos conseguirán un punto comodín, os trocos deben estar fotografiados. Ó rematar a proba deben amosar os trocos. Só se pode conseguir un máximo de 3 puntos deste xeito.
- ❖ Os gañadores do xogo serán os dous primeiros grupos que primeiro cheguen á Praza Maior e devolvan as 10 reliquias ó cofre do tesouro ou os que logren conseguir máis puntos. A hora límite de chegada será as 20:30.
- ❖ Pódese usar o teléfono móbil para buscar información, pero sempre hay que ir aos lugares que se indica na proba, no caso de non ir pode ser causa de penalización.
- ❖ O percorrido deberá realizarse a pé, non podendo empregar en ningún momento outro medio de transporte.
- ❖ Os participantes non irán acompañados por un monitor.
- ❖ Ó longo do día haberá “patrullas” de vixianza coa misión de comprobar que se cumpran estas normas. Ante calquera destas patrullas, os equipos deberán pararse e contestar ás preguntas pertinentes, se así se lles solicita.
- ❖ Os integrantes do grupo deberán permanecer sempre xuntos, en caso contrario, non se lles entregará a proba ou non se lles dará por válida.
- ❖ É necesario que todos/as os/as membros/as do grupo leven consigo o Documento Nacional de Identidade (DNI).
- ❖ As inscricións realizaranse no 010 e o prazo termina o 26 de decembro.
- ❖ Os dous primeiros gañadores levarán o seguinte premio:
- ❖ Un día na estación de esquí de Leitariegos que inclúe :
 - Desplazamento en autobús

- Forfait
 - Alquiler de material
 - Comida
 - Clases
- ❖ A organización poderá introducir, se o cre necesario, as modificacións que estime convenientes para o mellor funcionamento da actividade.
- ❖ Para máis información , os interesados poden dirixirse á Casa da Xuventude , sita na Rúa Bal e Gay s/n o una OMIX, no C.C. Uxío Novoneyra.
- ❖ O INCUMPRIMENTO DESTAS NORMAS PODE SUPOÑER A EXPULSIÓN DA ACTIVIDADE.

AREA DE CULTURA, TURISMO, XUVENTUDE E PROMOCION DA LINGUA

CBV/mjp

Ref: XUVENTUDE

Asunto: busca do tesouro 2017